

BASES DO PROGRAMA CONCILIA DE VERÁN 2026

1. Obxecto

O Programa Concilia 2026 constitúe unha iniciativa de atención á infancia que ten por finalidade facilitar a conciliación da vida laboral, persoal e familiar durante o período de vacacións de verán (finais de xuño, xullo e agosto).

A través deste programa, o Concello de Vila de Cruces ofrece ás familias a posibilidade de que as persoas menores ao seu cargo participen en actividades de carácter educativo, lúdico e social.

Este servizo é independente dos cursos de natación 2026.

2. Persoas beneficiarias

Poderán ser beneficiarias deste servizo os nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos, escolarizados en centros de educación infantil e primaria (CEIP).

3. Requisitos e procedemento de concesión de prazas

Non se admitirán solicitudes que non inclúan a documentación complementaria requirida. Nestes casos, deberá presentarse unha nova solicitude completa.

A concesión de prazas efectuarase entre as solicitudes que reúnan os requisitos establecidos, de acordo coa seguinte orde de prioridade:

1. Nenos e nenas matriculados no CEIP Cerdeiriñas ou no CEIP Nosa Señora da Piedade.
2. Nenos e nenas e, cando menos, un dos seus proxenitores empadroados no Concello de Vila de Cruces.
3. Proxenitores que desenvolvan unha actividade laboral ou profesional remunerada ou que estean a cursar estudos, e que acrediten documentalmente a imposibilidade de atender ás persoas menores no horario de prestación do servizo.





4. Resto de solicitudes.

4. Desenvolvemento das actividades: quendas, horario, número de prazas e lugar de recollida

4.1 Quendas

A actividade desenvolverase por semanas, conforme ao seguinte calendario:

Semana	Días de servizo	Observacións
22 – 26 xuño	4 días	24 xuño festivo autonómico
29 xuño – 3 xullo	5 días	—
6 – 10 xullo	5 días	—
13 – 17 xullo	5 días	—
20 – 24 xullo	5 días	—
27 – 31 xullo	5 días	—
3 – 7 agosto	5 días	—
10 – 14 agosto	3 días	10 e 11 festivos locais
17 – 21 agosto	5 días	—
24 – 31 agosto	6 días	—

4.2 Horario

O horario de prestación do servizo será de 9:00 a 14:00 horas.

4.3 Prazas

Ofértanse un total de 80 prazas por semana.

Os nenos e nenas poderán participar nun máximo de 9 semanas. Esta limitación establécese co obxecto de garantir períodos adecuados de descanso, en consonancia cos principios de benestar infantil e co necesario equilibrio entre actividades dirixidas e





tempos de lecer, descanso e convivencia no ámbito familiar, contribuíndo así a un desenvolvemento integral e saudable.

4.4 Lugar

A recepción e recollida dos participantes realizarase no Pavillón Municipal de Deportes.

As actividades desenvolveranse nas seguintes instalacións: Pavillón Municipal, CEIP Nosa Señora da Piedade, parque xunto á Residencia de Maiores, Auditorio Xosé Casal, piscina municipal e zonas exteriores próximas ao pavillón.

5. Solicitudes

A solicitude, xunto coa documentación complementaria, presentarse no formulario normalizado de inscrición do Programa Concilia 2026, dispoñible nas dependencias municipais e na páxina web <https://www.viladecruces.es>.

Así mesmo, remitirase a través da plataforma ABALAR.

6. Documentación complementaria

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI do pai/nai ou titor/a legal.
- b) Declaración responsable incluída no formulario de solicitude.

6.1 Responsabilidade

As persoas solicitantes serán responsables da veracidade da documentación presentada.

As solicitudes que non inclúan a documentación requirida nestas bases non serán válidas.

7. Lugar e prazo de presentación

O prazo de presentación das solicitudes será do 12 ao 19 de maio de 2026, ambos incluídos.





As solicitudes deberán presentarse no rexistro do Concello ou a través da sede electrónica.

Non se admitirán solicitudes fóra do prazo establecido. No caso de quedar prazas vacantes, poderá abrirse un período extraordinario de inscrición.

8. Prezo

Establécese un sistema de descontos para unidades familiares con máis dun fillo/a participante:

- O primeiro fillo/a aboará o importe íntegro por semana.
- A partir do segundo fillo/a aplicarase un desconto do 20 %

Semana	1º neno/a	2º neno/a e seguintes
22 – 26 xuño	20 €	16 €
29 xuño – 3 xullo	25 €	20 €
6 – 10 xullo	25 €	20 €
13 – 17 xullo	25 €	20 €
20 – 24 xullo	25 €	20 €
27 – 31 xullo	25 €	20 €
3 – 7 agosto	25 €	20 €
10 – 14 agosto	15 €	12 €
17 – 21 agosto	25 €	20 €
24 – 31 agosto	30 €	24 €

Bono mensual

Aplicarase un desconto do 10% sobre o importe total cando a inscrición se realice por mes completo:

- Mes completo de xuño e xullo
- Mes completo de agosto

O desconto aplicarase sobre a suma das semanas correspondentes a cada mes.



9. Forma de pago

O pagamento realizarase na conta bancaria habilitada polo Concello de Vila de Cruces, unha vez confirmada a admisión.

O pagamento das semanas, así como o envío do xustificante, deberá realizarse nos prazos establecidos:

Semana	Prazo de pago
22 – 26 xuño	Antes do 18/06/2026
29 xuño – 3 xullo	Antes do 18/06/2026
6 – 10 xullo	Antes do 01/07/2026
13 – 17 xullo	Antes do 01/07/2026
20 – 24 xullo	Antes do 14/07/2026
27 – 31 xullo	Antes do 14/07/2026
3 – 7 agosto	Antes do 30/07/2026
10 – 14 agosto	Antes do 06/08/2026
17 – 21 agosto	Antes do 06/08/2026

Envío do xustificante: mireya.otero@viladecruces.es

10. Publicación de listaxes

- Listado provisional: 29 de maio de 2026
- Listado definitivo: 8 de xuño de 2026 (publicarase no caso de existir modificacións respecto ao provisional)

As listaxes publicaranse na páxina web, redes sociais e taboleiro de anuncios do Concello, en cumprimento da normativa de protección de datos persoais.



11. Revogación do servizo

Perderase a condición de beneficiario/a por algunha das seguintes causas:

- a) Falta de pagamento nos prazos establecidos.
- b) Renuncia voluntaria comunicada por escrito.
- c) Incumprimento das normas de funcionamento do servizo.

12. Protección de datos

Os datos persoais serán tratados polo Concello de Vila de Cruces, na súa condición de responsable, coa finalidade de xestionar o presente procedemento administrativo.

As persoas participantes figurarán nas listaxes mediante o número de identificación indicado na solicitude (cinco díxitos), co fin de garantir a protección dos seus datos persoais.

13. Traslado entre servizos

Os nenos e nenas que participen simultaneamente no Programa Concilia e nos cursos de natación serán trasladadas polo persoal monitor entre ambos servizos, sen necesidade de intervención das familias.

Asinado

Luis Celso Taboada Sánchez

Alcalde

Documento asinado electronicamente

